

# POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

## 1. Política de protección de datos persoais

Dedícalle un tempo e le atentamente este documento. Non dubides en pedirnos aclaracións do que non entendas.

Neste apartado explicámosche para que utilizará o BBVA os teus datos e, entre outros aspectos, que dereitos tes relacionados co seu USO.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable	Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. ("BBVA") con domicilio social na Plaza de San Nicolás, 4, 48005 Bilbao, España. Enderezo electrónico: <a href="mailto:consultasgenerales@bbva.com">consultasgenerales@bbva.com</a> <b>Máis detalle no apartado "Información adicional"</b>
Finalidades	<p>Se es cliente do BBVA:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Xestionar a relación contractual dos produtos e servizos que solicites ou contrates co BBVA.</li> <li>Cumprir con obrigas legais e normativa aplicable ao BBVA.</li> <li>Informar e consultar os sistemas de información crediticia.</li> <li>Previr a fraude.</li> <li>Análises de riscos, perfís e finalidades comerciais:               <ol style="list-style-type: none"> <li>Elaboración de perfís básicos.</li> <li>Elaboración de perfís avanzados comerciais e de riscos.</li> <li>Ofertas de produtos e servizos do BBVA ou comercializados por el, do Grupo BBVA ou de sociedades participadas ou colaboradoras.</li> </ol> </li> <li>Análise de datos.</li> <li>Comunicar os teus datos ás seguintes sociedades do Grupo BBVA, participadas e colaboradoras <a href="https://www.bbva.es/gl/content/dam/public-web/bbvaes/documents/gdpr/datos-personales/sociedades-grupo.pdf">https://www.bbva.es/gl/content/dam/public-web/bbvaes/documents/gdpr/datos-personales/sociedades-grupo.pdf</a> para que che poidan ofrecer os seus propios produtos e servizos personalizados.</li> </ol> <p><b>Máis detalle no apartado "Información adicional"</b></p> <p>Se es representante, garante, autorizado, beneficiario, cónxuxe prestador do consentimento ou hipotecante non debedor, trataremos os teus datos persoais no BBVA para a xestión do contrato no que interveñas pola túa relación xurídica cun cliente do BBVA.</p> <p><b>Máis detalle no apartado "Información adicional"</b></p>
Dereitos	Os teus datos son teus e contrólalos ti. Por iso, poderás acceder en calquera momento, rectificar e suprimir os datos, así como solicitar outros dereitos, como se explica no apartado <a href="#">Información adicional</a> .
Información adicional	Podes consultar a información adicional e detallada sobre a protección de datos persoais do BBVA no apartado <a href="#">Información adicional</a> .

[Se es cliente do BBVA](#), baseándonos no noso interese lexítimo, no BBVA analizamos as túas preferencias para ofrecerche produtos e servizos propios e comercializados que consideramos do teu interese segundo esas preferencias. Ademais, se nos autorizas nos recadros que constan a continuación, poderemos realizar unha análise máis detallada, así como enviarche ofertas doutros produtos

e servizos que consideremos do teu interese.

Quero que o BBVA consulte e trate os meus datos e preferencias de forma máis detallada, para ofrecerme solucións que me axuden a xestionar mellor as miñas finanzas.

+ info en "Información adicional", apartado "Elaboración de perfís avanzados comerciais e de riscos".

Quero que o BBVA se comunique conmigo para ofrecerme produtos e servizos das empresas do Grupo BBVA, participadas e colaboradoras.

+ info en "Información adicional", apartado "Ofrecerche produtos e servizos, das sociedades do Grupo BBVA ou de sociedades participadas ou colaboradoras".

Quero que os meus datos sexan comunicados só a empresas do Grupo BBVA, sociedades participadas ou colaboradoras para que personalicen os produtos e servizos que me ofrezan.

+ info en "Información adicional", apartado "Comunicar os teus datos a sociedades do Grupo BBVA, sociedades participadas ou coas que manteñamos acordos de colaboración para que che poidan ofrecer os seus propios produtos e servizos".

Poderás cambiar a selección realizada, así como configurar as túas opcións, en calquera momento desde a app, a banca en liña ou a través do teu xestor ou da túa oficina.

Lembrámosche que non tes a obriga de aceptar estes tratamentos para estas finalidades, polo que se non marcas os recadros non consentes os tratamentos e non quedará afectado o desenvolvemento ou cumprimento dos contratos de produtos e servizos que manteñas co banco.

Se es representante, garante, autorizado, beneficiario, cónxuxe prestador do consentimento ou hipotecante non debedor, só tes que asinar na última páxina do documento, xa que o tratamento dos teus datos é necesario para a xestión da relación contractual na que intervés.

Cando introduzas a clave que se solicite no proceso de sinatura, estarás dando a túa conformidade a esta política de protección de datos persoais.

Por último, lembrámosche que esta política de protección de datos persoais pode actualizarse e sufrir modificacións. Por iso, recomendámosche que a revises cada certo tempo, sen prexuízo das accións informativas que realicemos desde o BBVA. Podes acceder en todo momento á última versión deste documento na seguinte ligazón:

[https://www.bbva.es/content/dam/public-web/bbvaes/documents/gdpr/datos-personales/politica-tratamiento-datos-personales\\_glg.pdf](https://www.bbva.es/content/dam/public-web/bbvaes/documents/gdpr/datos-personales/politica-tratamiento-datos-personales_glg.pdf)

## Información adicional

A continuación ampliámosche todos os detalles sobre como tratamos os teus datos persoais no BBVA.

### Quen é o responsable do tratamento dos teus datos persoais?

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. ("BBVA"), CIF A-48265169 e con domicilio social na Plaza de San Nicolás, 4, 48005, Bilbao, España. Enderezo electrónico: [consultasgenerales@bbva.com](mailto:consultasgenerales@bbva.com)

### Como te podes pór en contacto co delegado de protección de datos do BBVA?

Poderás contactar co delegado de protección de datos do BBVA accediendo a la página web [bbva.es](http://bbva.es), apartado Datos Personales/ Contacto DPO o a través del siguiente link: <https://www.bbva.es/general/tratamiento-datos.html#contacto-dpo>.

### Que datos tratamos? Como obtemos os teus datos?

#### ■ Se es cliente

No BBVA tratamos os datos que a continuación che mostramos e que proceden de información que nos proporcionaches directamente, información que recollemos ou xeramos sobre ti e información que obtivemos doutras fontes. No BBVA tratamos estes datos en relación cos produtos e servizos que tes contratados conosco e respecto daqueles produtos e servizos dos que é comercializador.

- **Datos de identificación e de contacto tales como:** nome, apelidos, fotografía, DNI, pasaporte ou NIE, nacionalidade, país de nacemento, data de nacemento, enderezos postais, enderezos electrónicos, teléfono fixo, teléfono móbil, así como datos referidos á túa voz e imaxe.

- **Datos de sinatura:** manuscrita, dixitalizada e claves da banca online.
- **Códigos ou claves de identificación** para acceso e operativa nas canles a distancia que utilizas na túa relación co BBVA.
- **Datos económicos e de solvencia patrimonial tales como:** ingresos netos mensuais, saldo medio en contas, saldo de activo, recibos domiciliados, nómina domiciliada, ingresos e gastos, bens e patrimonio, así como, se é o caso, os relacionados coa túa cualificación financeira, situación financeira e obxectivos de investimento.

Así mesmo, en caso de que no lo facilitases, o BBVA trata datos como a vida laboral ou a túa declaración de IRPF que, en caso de que o consentises, se verificarán coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou a Axencia Tributaria respectivamente. En caso de manteres unha débeda certa, vencida e esixible co BBVA poderanse obter datos adicionais para a xestión do cobramento desta.

- **Datos transaccionais** tales como: os movementos da túa conta, movementos das túas tarxetas, saldos, ingresos, pagamentos, transferencias, cargos, recibos, domiciliacións. Inclúen a orixe, destino, concepto e terceiro relacionado coa transacción, así como a localización de onde se realiza e a data e hora. Ademais, os citados datos fan referencia a aqueles que o BBVA trata en relación cos produtos e servizos que tes contratados co BBVA e os produtos e servizos das entidades agregadas en caso de que contratases os servizos de Agregación ou Iniciación de Pagamentos.
- **Datos sociodemográficos**, tales como: idade, estado civil, situación familiar, residencias, estudos e ocupación (tipo de contrato, tipo de ocupación, empregador, antigüidade no emprego) ou pertenza a colectivos, así como as preferencias de sostibilidade, coñecementos e experiencia en materia de investimentos e os seus riscos, nivel de estudos e experiencia profesional no sector financeiro.
- **Datos de produtos e servizos contratados**, tales como: número de contrato, límite asociado aos produtos contratados, tipoloxía de produtos e servizos contratados, datos de contrato (atributos asociados ao contrato), conta de domiciliación, risco co BBVA, intervenientes, así como calquera documentación asociada a calquera destes contratos.
- **Datos incluídos nos servizos de Agregación e de Iniciación de Pagamentos:** en caso de teres contratados estes servizos, tratamos datos de produtos e servizos contratados nas outras entidades agregadas e datos do resto de categorías mencionadas (p. ex. datos de sinatura, datos transaccionais, incluíndo, cando proceda, a súa orixe, destino, concepto, localización, data e hora, etc.) respecto dos devanditos servizos.
- **Datos de comunicacións:** os resultantes de chamadas telefónicas ou dos contactos que realices co banco a través de calquera canle de comunicación oral ou escrita, como por exemplo o correo electrónico, a mensaxaría instantánea, as redes sociais, ou as interfaces de conversa postas á túa disposición en cada momento, e datos de comunicacións comerciais, incluído o resultado destas, así como os datos que nos facilites a través das enquisas de satisfacción.

#### Datos recollidos ou xerados sobre ti:

- Datos do uso das canles que o BBVA pon á túa disposición para xestionar os teus produtos e servizos tales como: o ID do dispositivo, fabricante e modelo do dispositivo, sistema operativo do dispositivo, enderezo IP, navegador e a súa versión, así como a propia navegación e accesos.
- Información derivada dos produtos e servizos contratados tales como: datos de navegación e uso das canles dixitais, datos relacionados co teu contacto co BBVA polas distintas canles, datos de xeolocalización, datos obtidos dos teus comentarios en comunicacións ou transaccións, información incluída nos teus datos transaccionais como recibos, transferencias, cargos ou datos derivados da interacción con chatbots.

#### Datos obtidos doutras fontes:

- Información de solvencia á Central de Información de Riscos do Banco de España (CIRBE).
- Información para analizar a viabilidade económica das túas solicitudes e operacións, obtida dos sistemas de información crediticia (Asnef-Equifax Servicios de Información sobre Solvencia y Crédito, S.L. e Experian Bureau de Crédito, S.A.) e de empresas de valoración crediticia como Equifax Ibérica, S.L.

- Información procedente de sistemas de información de prevención da fraude, como Confirma e Iberpay.
- Información procedente de sistemas de información de identificación de indicios de risco de fraude, como Emailage ou Telesign.
- Fontes de acceso público tales como diarios e boletíns oficiais, rexistros públicos, resolucións das administracións públicas, Catastro, guías telefónicas, listas de persoas pertencentes a colexios profesionais e listas oficiais para a prevención da fraude (Confirma e Experian).
- Información sobre valoración de inmobles, vehículos ou outros bens mobles de fontes, como a facilitada por Madiva Soluciones, S.L., ou taxacións de vehículos obtidas de EUROTAX ou outros activos que permitan valorar a túa solvencia.
- Información de perfís obtidos de compañías de servizos de subministración de interese xeral (enerxía, comunicacións, etc.).
- Datos referidos á entrega de bens ou servizos para cuxa adquisición o BBVA che concedeu financiamento, obtidos dos provedores deses bens ou servizos.
- Datos de comportamento dixital obtidos de plataformas e centrais de medios asignados a cookies ou dispositivos, cando nos dás o consentimento á nosa política de cookies en web e móbil.
- **Se es representante ou autorizado:**
  - Datos de identificación e de contacto (incluídos enderezos postais e/ou electrónicos).
  - Datos de sinatura (incluída a sinatura dixitalizada e electrónica).
  - Datos sociodemográficos tales como: idade, estado civil, situación familiar, residencias, estudos e ocupación (tipo de contrato, antigüidade no emprego) ou pertenza a colectivos.
  - Códigos e claves de identificación de acceso e operativa nas canles a distancia que utilizas na túa relación co BBVA.
  - Datos sobre a condición de representante doutras persoas xurídicas.
  - Datos obtidos doutras fontes: información procedente de sistemas de información de prevención da fraude, como Confirma; información procedente de sistemas de información de identificación de indicios de risco de fraude, como Emailage ou Telesign.
  - Datos de produtos e servizos nos que interveñas.
  - Información sobre coñecementos e experiencia, nivel de estudos e experiencia profesional no sector financeiro.

Ademais dos indicados anteriormente, poden existir outros tratamentos de datos persoais adicionais se o pactaches co banco.

Ten en conta que se ademais foses cliente particular do BBVA, este podería utilizar os teus datos derivados da túa relación contractual co BBVA como cliente particular coa finalidade de previr a fraude nas operacións en que actuases como representante ou autorizado.

- **Se es beneficiario:**
  - Datos de identificación e de contacto (incluídos enderezos postais e/ou electrónicos).
  - Datos de sinatura (incluída a sinatura dixitalizada e electrónica).
  - Códigos e claves de identificación de acceso e operativa nas canles a distancia que utilizas na túa relación co BBVA.

- Datos de produtos e servizos nos que interveñas.
- Información sobre coñecementos e experiencia, nivel de estudos e experiencia profesional no sector financeiro.

Ademais dos indicados anteriormente, poden existir outros tratamentos de datos persoais adicionais se o pactaches co banco.

■ **Se es garante:**

- Datos de identificación e de contacto (incluídos enderezos postais e/ou electrónicos).
- Datos de sinatura (incluída a sinatura dixitalizada e electrónica).
- Datos económicos e de solvencia patrimonial.
- Datos sociodemográficos tales como: idade, estado civil, situación familiar, residencias, estudos e ocupación (tipo de contrato, antigüidade no emprego) ou pertenza a colectivos.
- Datos obtidos doutras fontes: información de solvencia da Central de Información de Riscos do Banco de España (CIRBE); información obtida dos sistemas de información crediticia (Asnef-Equifax Servicios de Información sobre Solvencia y Crédito, S.L. e Experian Bureau de Crédito, S.A.) e de empresas de valoración crediticia como Equifax Ibérica, S.L.; e información procedente de sistemas de información de prevención da fraude, como Confirma.
- Datos doutros produtos nos que participes como garante.

■ **Se es cónxuxe prestador do consentimento ou hipotecante non debedor:**

- Datos de identificación e de contacto (incluídos enderezos postais e/ou electrónicos).
- Datos de sinatura (incluída a sinatura dixitalizada e electrónica).
- Datos de produtos e servizos nos que interveñas.

Desde o BBVA pedímosche que manteñas os teus datos debidamente actualizados para garantir que en todo momento os datos que tratamos son veraces, completos, exactos e actualizados. Se os modificas, debes comunicárnolo sen dilación para estarmos ao corrente da súa situación actual.

## **Para que finalidades e por que (base de lexitimación) tratamos os teus datos persoais?**

### **A) SE ES CLIENTE**

#### **1. Xestionar a relación contractual dos produtos e servizos que solicites ou contratos co BBVA**

*Durante o proceso de solicitude de alta como novo cliente*

o BBVA trata os teus datos persoais para identificarte, así como para xestionar o proceso de solicitude de alta como novo cliente e asistirte durante este.

Para os procesos de alta con videochamada ou videoidentificación podes consultar a información relativa a este tratamento aquí:

<https://www.bbva.es/gl/content/dam/public-web/bbvaes/documents/legal/tratamiento-de-datos/video llamada-y-videoidentificacion.pdf>

Cando sexas cliente por solicitar e contratar calquera produto e servizo

No BBVA tratamos os teus datos persoais para:

- Xestionar adecuadamente os produtos e servizos que nos solicites e contratos. Isto inclúe a valoración da túa solvencia, o desenvolvemento, mantemento e seguimento da relación precontractual e contractual entre ti e o BBVA.
- Atender as túas consultas e seguir a relación que mantemos contigo e a túa evolución financeira (en relación cos

produtos e servizos que tes co BBVA pola túa condición de cliente, así como dos que o BBVA é comercializador).

- Enviarche notificacións non comerciais para xestionar a túa relación co BBVA derivada dos produtos e servizos contratados connosco, así como coñecer a opinión que nos queiras facilitar sobre os servizos prestados.
- Mostrarche os teus datos financeiros dun xeito sinxelo e intuitivo nas distintas canles que o BBVA pon á túa disposición en cada momento.
- Controlar, analizar e xestionar situacións de risco, impagamentos, incidencias ou reclamacións pola túa condición de cliente, incluído neste último caso calquera tratamento para a súa investigación e/ou descubrimento co fin de realizar as accións que sexan necesarias.
- Xestionar o teu acceso ás distintas canles que o BBVA poña á túa disposición para que poidas acceder e xestionar os produtos e servizos que tes contratados co BBVA.
- Ademais, cando o BBVA che conceda un financiamento vinculado á compra dun ben ou servizo, o BBVA comunicará ao proveedor do ben ou servizo a posta en vigor da correspondente operación de financiamento (número de operación, cliente e importe) para que o proveedor poida realizar o control e seguimento das operacións aboadas polo banco para a súa propia facturación interna. O BBVA tamén podería ter que solicitar ao proveedor do ben ou servizo información relativa á entrega deste para que o BBVA poida executar o contrato de financiamento vinculado.

A **base de lexitimación** que nos permite tratar os teus datos persoais é a **execución do contrato** sobre os produtos e servizos solicitados ou contratados co BBVA.

Ademais, en certos supostos, o BBVA poderá, directamente ou a través de empresas coas que contrate este servizo, obter datos adicionais e proceder ao seu tratamento sobre a base do seu **interese lexítimo** en lograr a recuperación e o pagamento da débeda.

Adicionalmente, se contrataches produtos de BBVA Seguros, S.A. de Seguros y Reaseguros, o BBVA poderá compartir información asociada á actualización dos teus datos persoais con esta. É dicir, se actualizas un dato persoal a través do BBVA, este poderá facilitar a BBVA Seguros, S.A. de Seguros y Reaseguros os datos actualizados.

A base de lexitimación deste tratamento é o interese lexítimo de BBVA Seguros, S.A. de Seguros y Reaseguros de manter os datos de contacto dos seus clientes exactos e actualizados en todo momento.

Servizo de verificación de titularidade de conta de Iberpay Ademais, trataremos os teus datos de identificación e da conta para confirmar se es titular ou non dunha conta no BBVA a pedimento dun terceiro (de agora en diante, Solicitante) con quen teñas asinado ou vaías asinar un contrato que implique algún pagamento pola túa parte mediante domiciliación ou cargo nesa conta.

O tratamento dos teus datos co obxecto de que o BBVA verifique a titularidade da túa conta en que se pretende formalizar un cobramento ou un pagamento inmediato ou futuro, ten como **base de lexitimación** a propia relación contractual que mantés tanto co Solicitante da verificación, como co BBVA e ten por finalidade o correcto cumprimento do contrato suscrito entre as partes, de tal xeito que se che eviten prexuízos derivados dun erro na conta de domiciliación do pagamento.

## 2. Cumprir con obrigas legais e normativa aplicable ao BBVA

### (i) Informar e consultar a CIRBE

No BBVA estamos obrigados a comunicar á Central de Información de Riscos do Banco de España (CIRBE) os riscos das túas operacións bancarias como cliente, xunto cos teus datos persoais e a túa condición de empresario individual, se é o caso. O BBVA poderá consultar os datos que poidan figurar sobre ti na CIRBE para xestionar a túa solicitude de financiamento, verificar e avaliar a túa solvencia e risco crediticio se mantés produtos ou servizos de financiamento co banco.

A base de lexitimación é o cumprimento dunha obriga legal (Lei 44/2002, de 22 de novembro, de reforma do sistema financeiro).

### (ii) Prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo

Para previr o branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo, temos a obriga de:

- Declarar mensualmente ao Fichero de Titularidades Financeiras a apertura ou cancelación de contas correntes, contas de aforro, depósitos e de calquera outro tipo de contas de pagamento, así como os contratos de alugamento de caixas de seguridade e o seu período de arrendamento, con independencia da súa denominación comercial. Polo tanto, os teus datos de identificación formarán parte dese fichero, cuxo responsable é a Secretaría de Estado de Economía e Apoió á Empresa.
- Obter información sobre ti e identificarte para cumprir coas obrigas de dilixencia debida impostas por esta normativa.
- Realizar análises de operacións realizadas na túa conta a través do BBVA e, se é o caso, comunicalas ao Sepblac.
- Facilitar información sobre operacións ás autoridades nacionais e doutros países, dentro e fóra da Unión Europea, sobre a base da lexislación dalgúns países e acordos asinados entre estes.

A base de lexitimación é o cumprimento dunha **obriga legal** (Lei 10 / 2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo e a Lei 5/2015 de fomento do financiamento empresarial e a súa normativa de desenvolvemento).

### (iii) Creación de modelos de riscos

A normativa española e europea (por exemplo do Banco Central Europeo, da Autoridade Bancaria Europea ou do Banco de España) esixe ás entidades financeiras o cumprimento de normas e guías para o control da solvencia, o risco financeiro, o cálculo do capital e provisións requiridos por cada operación e cliente en relación coas diferentes fases de xestión do risco: admisión, (risco/prezo/delegación), seguimento, cobranza e recuperacións. Esta normativa esixe o tratamento de datos na elaboración de perfís de risco e modelos de riscos canto a detalle desta e profundidade histórica.

A base de lexitimación é o cumprimento dunha **obriga legal** prevista na normativa de entidades de crédito e empresas de investimento e de control de solvencia e risco financeiro.

Os modelos analíticos aplicados para a elaboración dos perfís poden comportar que adoptemos decisións automatizadas para o cumprimento da normativa indicada anteriormente. Podes consultar o detalle da decisión que se podería adoptar desta forma nesta ligazón: <https://www.bbva.es/gl/content/dam/public-web/bbvaes/documents/experiencias/agregador-financiero/tratamiento-comportamental-normativo.pdf>. Tamén tes dereito a que un operador interveña para che explicar a decisión adoptada, recoller os teus comentarios ao respecto e impugnar a decisión.

Cando a normativa nolo esixa, trataremos a información e datos persoais que nos proporcionas para avaliar os teus coñecementos e experiencia sobre un produto concreto e cando corresponda definir o teu perfil investidor. Para iso, teremos en conta en función do servizo prestado, os teus coñecementos e experiencia en instrumentos financeiros concretos, os teus obxectivos de investimento (incluído o teu nivel de tolerancia ao risco e as túas preferencias de sostibilidade), así como a túa situación financeira, para poder determinar, se o produto ou servizo resulta axeitado para ti.

A base de lexitimación é o cumprimento dunha obriga legal (Lei 6/2023 do 17 de marzo, do mercado de valores e dos servizos de investimento e Regulamento delegado 217/565).

No caso dos servizos de asesoramento e xestión discrecional de carteiras, este tratamento implica a elaboración dun perfil de risco de investimento que utilizamos exclusivamente para poder prestarche os servizos indicados, así como para realizar o seguimento da idoneidade do produto contratado por ti, de acordo coas obrigas impostas á nosa actividade pola Lei dos mercados de valores e dos servizos de investimento.

Podes consultar o detalle da decisión que se podería adoptar desta forma nesta ligazón: <https://www.bbva.es/content/dam/public-web/bbvaes/documents/legal/tratamiento-de-datos/perfil-de-riesgo-de-inversion.pdf>. Tamén tes dereito a que un operador interveña para che explicar a decisión adoptada, recoller os teus comentarios ao respecto e impugnar a decisión.

### 3. Informar e consultar os sistemas de información crediticia

Para analizar a viabilidade económica das túas solicitudes e operacións, o BBVA necesita consultar os datos que figuren ao teu nome nos sistemas de información crediticia xestionados polas seguintes entidades: Asnef-Equifax Servicios de Información sobre Solvencia y Crédito, S.L. (ASNEF), Experian Bureau de Crédito, S.A. (EXPERIAN).

Informámoste de que podemos comunicar os datos das túas débedas ás entidades que xestionan os sistemas de información crediticia:

- Cando se trate dunha débeda certa, vencida e esixible que resultase non-pagada, cuxa existencia ou contía non reclamases por vía administrativa, xudicial ou arbitral.
- Cando non transcorresen 5 anos desde a data en que se tiña que saldar a débeda, do vencemento da obriga ou do prazo concreto, se esta fose de vencemento periódico.

A base de lexitimación de calquera comunicación aos sistemas de información crediticia, así como a consulta para solicitudes referidas a créditos ao consumo, é o interese lexítimo do BBVA en cumprir cos criterios de crédito responsable.

A base de lexitimación para a consulta referida a solicitudes sobre créditos inmobiliarios segundo a Lei 5/2019, de 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario, é o cumprimento dunha obriga legal.

#### 4. Previr a fraude

Utilizaremos os teus datos persoais para prever situacións de fraude na contratación dos nosos produtos e servizos, así como para evitar que poidan darse situacións en que se che puidese causar un prexuízo como consecuencia da actuación fraudulenta de terceiros.

Con esta finalidade tamén trataremos os teus datos persoais para enviarche comunicacións relativas a información xeral sobre operativa de fraudes para o teu coñecemento.

A base de lexitimación é o **interese lexítimo** do BBVA en impedir que se produzan estas situacións co conseguinte prexuízo para ti e, se é o caso, para a propia entidade. Podes exercer o teu dereito de oposición mediante o envío dun correo electrónico a [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com) ou solicitalo en calquera das nosas oficinas.

Ademais, para o cumprimento desta finalidade poderemos informar e consultar os datos que figuran nos seguintes sistemas de información:

##### (i) Ficheiro Confirma

Coa finalidade de prever e evitar posibles intentos de fraude, o BBVA está adherido ao Ficheiro Confirma. Os datos persoais que facilites ao BBVA nunha solicitude de operación (por exemplo, por unha solicitude de apertura de conta corrente ou de financiamento) serán comunicados ao Ficheiro Confirma coa finalidade de cotexar solicitudes e operacións rexistradas no Ficheiro por parte das entidades adheridas para valorar a probabilidade de fraude da solicitude.

Os corresponsables do tratamento son as entidades adheridas ao Regulamento do Ficheiro Confirma, e o encargado do tratamento é Confirma Sistemas de Información, S.L., con domicilio na Avda. de la Industria, 18, TRES CANTOS (28760) MADRID. Poderás consultar a listaxe de entidades que actualmente están adheridas ao Regulamento do Ficheiro Confirma na [website www.confirmasistemas.es](http://www.confirmasistemas.es). Poderán participar no Ficheiro Confirma as entidades que se adhiran ao seu regulamento e que no seu ámbito de actividade poida ser obxecto de fraude na contratación. Os datos comunicados ao Ficheiro Confirma poderán ser consultados polo resto das entidades adheridas ao Regulamento do Ficheiro Confirma. Podes solicitar información adicional así como os aspectos esenciais do acordo de corresponsabilidade entre as entidades adheridas accedendo á páxina web [bbva.es](http://bbva.es), apartado Datos persoais/Contacto DPO ou a través da seguinte ligazón: <https://www.bbva.es/general/tratamiento-datos.html#contacto-dpo>.

A base de lexitimación é o interese lexítimo das entidades adheridas ao Ficheiro Confirma de prever a fraude para reducir a usurpación da identidade e a manipulación de documentos para que os clientes estean máis protexidos e sufran un menor quebranto económico, o que redundará en beneficio dos intereses de toda a sociedade. A redución das posibilidades de executar operacións fraudulentas supón unha redución, en termos xerais, da delincuencia que comporta e as implicacións sobre outros delitos tales como o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo. Por iso, este ficheiro redonda claramente en beneficio dos teus propios intereses, xa que ten por obxecto protexerte fronte ás prácticas fraudulentas de terceiros que te poidan afectar de forma singular.

A consulta ao Ficheiro Confirma resulta idónea en atención ao fin perseguido, e proporcional en relación co beneficio obtido polas entidades adheridas e o impacto na túa privacidade. Así mesmo, o tratamento de datos enmárcase na túa expectativa razoable ao tratarse dunha práctica común e producirse no marco dunha solicitude de operación. Para evitar prexuízos e consecuencias negativas para ti adoptáronse medidas técnicas e organizativas para reforzar a confidencialidade e seguridade da túa información. O prazo máximo de conservación dos teus datos persoais será de cinco anos. Non está prevista a transferencia dos teus datos persoais a un terceiro país ou organización internacional.

De acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos, poderás exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, dirixíndote ao domicilio do encargado do tratamento, Confirma Sistemas de Información, S.L., no enderezo arriba indicado. Así mesmo, poderás exercitar o teu dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Confirma Sistemas



de Información, S.L. nomeou un delegado de protección de datos co que poderás contactar a través do enderezo electrónico [dpo@confirmasistemas.es](mailto:dpo@confirmasistemas.es) para as solicitudes en materia de privacidade relacionadas co Ficheiro Confirma. Se non estás de acordo, podes opor envíandoo un correo electrónico a: [dpo@confirmasistemas.es](mailto:dpo@confirmasistemas.es).

## (ii) Ficheiro Iberpay

Informámoste de que os teus datos persoais poderán ser incluídos polo BBVA nun ficheiro común de prevención da fraude nas operacións bancarias, cuxos corresponsables do tratamento son as entidades adheridas a ese ficheiro, entre elas o BBVA. Podes consultar a lista actualizada das entidades adheridas a este ficheiro común na seguinte ligazón: <https://www.iberpay.com/es/servicios/sectoriales/prevencion-del-fraude/>. Podes solicitar información adicional, así como os aspectos esenciais do acordo de corresponsabilidade entre as entidades adheridas, accedendo á páxina web [bbva.es](http://bbva.es), apartado Datos persoais/Contacto DPO ou a través da seguinte ligazón: <https://www.bbva.es/general/tratamiento-datos.html#contacto-dpo>.

Este ficheiro común está xestionado pola Sociedad Española de Sistemas de Pago, S.A. (Iberpay) e a súa finalidade é a detección, investigación, control e posible denuncia de operacións de pagamento non autorizadas ou sospeitosas de seren fraudulentas cometidas na túa conta corrente ou de aforro.

Os datos que o BBVA inclúa no citado ficheiro común serán os relativos ao número de IBAN e ao titular da conta onde se detectase a operación non autorizada ou sospeitosa de ser fraudulenta, se é o caso, e poderán ser consultados polas entidades financeiras adheridas a ese ficheiro común coa única finalidade de detectar, prever e controlar a fraude.

A base lexitimadora do tratamento dos teus datos é o interese lexítimo desta entidade financeira na detección e prevención da fraude nas operacións bancarias con orixe ou destino na túa conta corrente ou de aforro. Así mesmo, o tratamento descrito realízase en interese dos propios titulares das contas que puidesen resultar afectados polas fraudes cometidas por terceiros.

Os datos serán conservados no ficheiro durante un máximo de trinta días, no caso de tratarse de operacións sospeitosas, e dun ano, en caso de operacións non autorizadas (cando a fraude fose confirmada polo afectado). O BBVA suprimirá automaticamente os datos incluídos no ficheiro común cando estes deixen de ser exactos ou non respondan con veracidade á situación real do afectado.

Por último, lembrámoste que podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento, supresión, oposición e o dereito á portabilidade dos teus datos, enviando un correo electrónico ao enderezo seguinte: [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com) ou, se o prefires, mediante correo postal dirixido ao Servizo de Atención ao Cliente do Grupo BBVA, Apdo.: 1598 - 28080 Madrid, especificando o dereito que queres exercer.

Se consideras que non tratamos os teus datos persoais de acordo coa normativa, podes contactar co delegado de protección de datos do BBVA accedendo á páxina web [bbva.es](http://bbva.es), apartado Datos persoais/Contacto DPO ou a través da seguinte ligazón: <https://www.bbva.es/general/tratamiento-datos.html#contacto-dpo>. En calquera caso, tes dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

## (iii) Funcionalidade de prevención da fraude nos pagamentos transfronteirizos ámbito UE

Por mor da emisión dunha transferencia transfronteiriza, tramitada entre bancos radicados no ámbito UE, informámoste de que os datos persoais relativos ao número de IBAN da conta de destino e o nome do titular beneficiario desta, poderán tamén ser tratados para a detección de anomalías e de padróns de fraude a través dos sistemas de pagamento europeos.

O obxecto deste tratamento é a identificación de operacións anómalas ou irregulares e a detección dos comportamentos e padróns de risco que permitan a súa identificación.

A base lexitimadora do tratamento dos devanditos datos con tal finalidade é o interese lexítimo do BBVA na detección e prevención da fraude nas operacións bancarias con orixe ou destino na túa conta. Así mesmo, o tratamento descrito realízase en interese dos propios titulares das contas que puidesen resultar afectadas polas fraudes cometidas por terceiros.

O tratamento que se realizará por mor da detección de anomalías e de padróns de fraude será o seguinte:

- No referente á prevención da fraude, o tratamento permite ao Banco realizar unha análise en tempo real dos riscos asociados a contas e pagamentos, a través de ferramentas que validan datos de contas e transaccións tomando como base padróns históricos previamente identificados, así como detectar posibles anomalías e indicadores que axuden a xestionar os riscos de fraude antes de enviar un pagamento ou como parte das actividades de confirmación de conta.
- No referente á detección da fraude, o tratamento permite ao Banco realizar análises posteriores á transacción para axudar a investigar e identificar transaccións de alto risco unha vez realizados os pagamentos.

- Finalmente, o tratamento permite realizar análises de datos para identificar novos padróns de riscos e anomalías de pagamento que permitan mellorar os procesos de prevención e detección.

O Banco non cederá os datos solicitados con ocasión deste tratamento a ningún terceiro distinto da súa contraparte nas transferencias e procederá á súa supresión cando estes deixen de ser necesarios para a finalidade para a que foron solicitados e, en todo caso, no prazo de 14 meses desde que foron solicitados.

Por último, lembrámosche que podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento, supresión, oposición e o dereito á portabilidade dos teus datos, enviando un correo electrónico ao enderezo seguinte: [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com) ou, se o prefires, mediante correo postal dirixido ao Servizo de Atención ao Cliente do Grupo BBVA, Apdo.: 1598 - 28080 Madrid, especificando o dereito que queres exercer.

Se consideras que non tratamos os teus datos persoais de acordo coa normativa, podes contactar co delegado de protección de datos do BBVA accedendo á páxina web [bbva.es](http://bbva.es), apartado Datos persoais/Contacto DPO ou a través da seguinte ligazón: <https://www.bbva.es/general/tratamiento-datos.html#contacto-dpo> no enderezo [dpogrupobbva@bbva.com](mailto:dpogrupobbva@bbva.com). En calquera caso, tes dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

#### (iv) Emailage e Telesign

Coa finalidade de avaliar o risco de fraude necesitamos comunicar determinados datos persoais respectivamente ás empresas Emailage Corporation (“Emailage”), con domicilio en 16 Great Queen Street, Covent Garden, Londres (Reino Unido) e Telesign Corporation (“Telesign”), con domicilio en 13274 Fiji Way Suite 600, Marina Del Rey, CA 90292 (Estados Unidos), que prestan servizos ao BBVA para poder verificar os datos de teléfono móbil, enderezo electrónico e enderezo de IP que nos facilita nunha solicitude de activo.

Os datos persoais obxecto de comunicación serán o enderezo electrónico e o enderezo IP, no caso de Emailage, e o número de teléfono de contacto, no caso de Telesign, co fin de que estas entidades poidan identificar datos potencialmente fraudulentos.

A base de lexitimación da comunicación dos teus datos persoais a Emailage e Telesign é o interese lexítimo do BBVA en detectar condutas en que puidesen existir anomalías que permitisen apreciar a existencia de indicios de comportamentos irregulares ou fraudulentos e impedir que se produzan situacións fraudulentas que poidan ocasionar un prexuízo tanto aos interesados como ao BBVA.

Se non estás de acordo, podes oporte enviando un correo electrónico a: [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com)

## 5. Análises de risco, perfís e finalidades comerciais

### (i) Elaboración de perfís básicos

#### a) Elaboración de perfís básicos comerciais

Para a elaboración dos perfís básicos comerciais analizaremos as túas preferencias utilizando os datos da túa relación co BBVA, tales como datos de identificación e de contacto, datos sociodemográficos, datos económicos e de solvencia patrimonial, datos transaccionais e datos básicos dos servizos de Agregación e de Iniciación de pagamentos cando ti o consintas ao contratalos, datos de comunicacións e datos de produtos e servizos contratados co BBVA ou comercializados por este, os datos do uso das canles e servizos que o BBVA pon á túa disposición, incluída a información de navegación que recollemos e datos de comportamento dixital obtidos de plataformas e centrais de medios asignados a cookies ou dispositivos cando nos dás o consentimento á nosa política de cookies en web e móbil, e xeolocalización do teu dispositivo móbil cando ti o consintas a través del. Así mesmo, utilizamos datos obtidos a partir de fontes de acceso públicas, fontes de valoración de inmobles como a facilitada por Madiva Soluciones, S.L., sobre taxacións de vehículos obtidas de EUROTAX e fontes estatísticas.

Os datos que trataremos serán os **correspondentes ao último ano**.

#### b) Elaboración dun perfil básico con finalidade de riscos

Para elaborar o teu perfil básico de riscos avaliaremos a túa solvencia e, segundo a túa capacidade crediticia, asignarémosche un límite máximo de financiamento ou descuberto para produtos como contas correntes, tarxetas, préstamos ou créditos que poidan ser do teu interese. Fariamos esta avaliación por propia iniciativa do banco, sen que nola solicitudes, e utilizando información de fontes propias ou de terceiros que sexan de acceso público ou obrigatorio, conforme á normativa para a avaliación da solvencia, como os sistemas de información crediticia (Central de Información de Riscos do Banco de España —CIRBE—, Asnef-Equifax Servicios de Información sobre Solvencia y Crédito, S.L., Experian Bureau de Crédito, S.A. e de empresas de valoración crediticia como Equifax Ibérica, S.L.); sistemas de información de prevención da fraude, como Confirma; fontes de valoración de inmobles como a facilitada por Madiva

Soluciones, S.L. e sobre taxacións de vehículos obtidas de EUROTAX; e fontes estatísticas.

Para iso, utilizamos datos tales como: datos de identificación e de contacto, datos económicos e de solvencia patrimonial, transaccionais, sociodemográficos, de produtos e servizos contratados, datos incluídos nos servizos de Agregación e de Iniciación de Pagamentos cando ti nolo consintas ao contratalos, de comunicacións, do uso das canles que o BBVA pon á túa disposición para xestionar os teus produtos e servizos, información derivada dos produtos e servizos contratados, de uso das canles dixitais, incluída a información de navegación e datos de comportamento dixital obtidos de plataformas e centrais de medios asignados a cookies ou dispositivos que recompilamos cando nos dás o consentimento á nosa política de cookies en web e móbil, e xeolocalización do teu dispositivo móbil cando o consintas a través del.

Os datos que trataremos serán os **correspondentes a cinco anos**.

Nalgúns casos, os datos poderán ser tratados mediante a aplicación de algoritmos matemáticos (tratamento automatizado) para que o financiamento preconcido ou o produto ou servizo ofrecido sexa o máis adecuado á túa situación persoal e no momento apropiado.

Podes consultar os tipos de decisións que se poderían adoptar desta forma en <https://www.bbva.es/gl/content/dam/public-web/bbvaes/documents/legal/tratamiento-de-datos/decisiones-automatizadas-i.pdf>, onde se informa dos datos relevantes. Tamén tes dereito a que un operador interveña para che explicar a decisión adoptada, recoller os teus comentarios ao respecto e impugnar a decisión.

### c) Cálculo de pegada de carbono

Analizaremos as túas emisións de CO<sub>2</sub> para calcular a pegada de carbono que xeras coa túa actividade nos sectores de electricidade e combustible, e para facelo utilizaremos os datos transaccionais procedentes da túa relación co BBVA, en concreto, os das transaccións realizadas con tarxetas, así como os recibos bancarios domiciliados nas contas do BBVA das que ti, como cliente, es titular, e sempre que esas transaccións fosen previamente clasificadas como de luz, gas e transporte. Así mesmo, utilizamos o dato do emisor do movemento co obxectivo de coñecer o factor de emisión de CO<sub>2</sub> que se debe aplicar para xerar a referida pegada de carbono.

O cálculo da pegada de carbono realízase cos datos que se xeran **a diario** ou, como máximo, os correspondentes aos **tres días anteriores**.

Coa análise dos perfís descritos nos apartados a) e b), poderemos facerche suxestións para xestionar as túas finanzas e ter dispoñibles recomendacións de produtos e servizos que se adapten máis ao teu perfil; e co perfil descrito no apartado c) podemos mostrarche o nivel de emisións de CO<sub>2</sub> que xeras co obxectivo de que, coñecendo a túa pegada de carbono, poidas reduci-la.

A **base de lexitimación para os tratamentos indicados nos apartados anteriores** é o **interese lexítimo** do BBVA en (i) coñecer mellor os seus clientes e crear unha oferta de produtos e servizos máis ampla e mellorada; e (ii) en axustar as ofertas destes ás necesidades dos clientes. Consideramos que este tratamento é da túa conveniencia, e na súa análise ponderamos os teus dereitos e liberdades e, en particular, o respecto ao teu dereito fundamental á protección de datos persoais; e (iii) colaborar cos cidadáns para a mellora da súa eficiencia ecolóxica mediante a sensibilización dos seus clientes en relación co impacto ecolóxico derivado da súa actividade cotiá.

Podes exercer o teu dereito de oposición mediante o envío dun correo electrónico a [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com) ou solicitalo en calquera das nosas oficinas ou a través da app na sección "Pegada de carbono". Ademais, tamén poderás modificar a oposición exercida a través do enderezo electrónico indicado anteriormente.

### (ii) Elaboración de perfís avanzados comerciais e de riscos

Se nos dás o teu consentimento, trataremos os teus datos persoais para a elaboración do teu perfil comercial con maior profundidade que a contemplada no apartado (i) anterior. **Os datos persoais que trataremos poden corresponder a un período de tempo máximo dos últimos (5 anos), polo que este tratamento comporta un coñecemento máis detallado das túas preferencias como cliente como consecuencia da utilización dun maior número de datos persoais.**

Para elaborar o teu perfil avanzado comercial, aplicamos modelos analíticos que nos permitan ter un coñecemento máis profundo das túas preferencias, da túa capacidade patrimonial ou da túa solvencia económica. Para iso, ademais dos datos analizados no perfil básico comercial, utilizamos datos tales como: datos transaccionais (incluídos os textos por inferencia dos detalles de movementos de contas e tarxetas e outras transaccións, como por exemplo orixe, destino, concepto e terceiro relacionado con estas) e datos dos servizos de Agregación e de Iniciación de Pagamentos cando ti o consintas ao contratalos. Así mesmo, utilízanse datos de fontes públicas, datos referidos á entrega de bens ou servizos, para cuxa adquisición o BBVA che concedeu financiamento, obtidos dos provedores deses bens ou servizos.

### b) Elaboración dun perfil avanzado de riscos

Se nos dás o teu consentimento, trataremos os teus datos persoais para a elaboración do teu perfil de riscos máis amplo e con maior profundidade que a contemplada no apartado anterior. **Os datos persoais que trataremos poden corresponder ao prazo de vixencia dos produtos que teñas contratados, polo que este tratamento comporta un**

### **coñecemento moi detallado das túas preferencias como cliente como consecuencia da utilización dun maior número de datos persoais.**

Para elaborar o teu perfil avanzado de riscos, analizaremos a túa capacidade de aforro e endebedamento, así como a túa evolución financeira. Para facelo, ademais dos datos analizados no perfil básico de riscos, utilizamos datos tales como: transaccionais (incluídos os textos dos recibos por inferencia desde o detalle de movementos de contas e tarxetas, como por exemplo orixe, destino, concepto e terceiro relacionado coa transacción), incluídos os datos dos servizos de Agregación e Iniciación de Pagamentos cando ti o consintas ao contratalos, de comunicacións, do uso que realizas das canles do banco, datos que nos facilites a través das enquisas de satisfacción, incluída a información que recellemos de navegación e uso das canles dixitais cando nos dás o consentimento á nosa política de cookies en web e móbil, datos da túa localización (xeolocalización do teu dispositivo móbil) cando ti o consintas a través do dispositivo e datos obtidos doutras fontes, ademais das indicadas no perfil básico de riscos, tales como:

- Fontes de acceso público tales como diarios e boletíns oficiais, rexistros públicos, listas de persoas pertencentes a colexios profesionais e cámaras de comercio.
- Información de perfís obtidos de compañías de servizos de subministración de interese xeral (enerxía, comunicacións, etc.).

Ao aplicarmos estes modelos poderémosche realizar suxestións para que xestionas máis adecuadamente as túas finanzas, recomendacións ou ofertas de produtos e servizos que mellor se adapten ao teu perfil, e/ou aplicarche mellores condicións nos produtos e servizos que tes contratados ou que poidas contratar no futuro cando así nolo solicites. Igualmente, aplicando os devanditos modelos poderémonos adiantar ás túas necesidades e ofrecerche, se for o caso, produtos e/ou servizos axustados ao teu perfil, con anterioridade á túa solicitude.

Así mesmo, o banco poderá, segundo a túa capacidade crediticia e a túa solvencia, ofrecerche un límite máximo de financiamento ou outro produto que sexa do teu interese, cuxa contratación quedará suxeita á túa aceptación da oferta e ás demais condicións específicas das que te informaremos en cada caso, como por exemplo consultando as túas posicións financeiras en sistemas de información crediticia.

Nalgúns casos, os modelos analíticos aplicados para a elaboración dos perfís poden comportar que adoptemos decisións automatizadas para que o produto ou servizo ofrecido sexa o máis adecuado á túa situación persoal e no momento apropiado. Podes consultar os tipos de decisións que se poderían adoptar desta forma en <https://www.bbva.es/gl/content/dam/public-web/bbvaes/documents/legal/tratamiento-de-datos/decisiones-automatizadas-ii.pdf>, onde se informa dos datos relevantes. Tamén tes dereito a que un operador interveña para che explicar a decisión adoptada, recoller os teus comentarios ao respecto e impugnar a decisión.

A base de lexitimación é o teu **consentimento**.

Estes perfís non serán utilizados para ningunha outra finalidade e están pensados coa intención de que recibas os mellores produtos e servizos adaptados ao teu perfil persoal en cada momento. Para a elaboración destes perfís en ningún caso se utilizan categorías especiais de datos. Para a túa información, poderás decidir se nos dás ou non o teu consentimento aos tratamentos que explicamos neste apartado (ii), marcando o recadro correspondente na **Información básica de protección de datos**, "Quero que o BBVA consulte e trate os meus datos e preferencias de forma máis detallada, para ofrecermos solucións que me axuden a xestionar mellor as miñas finanzas".

#### **(iii) Ofrecerche produtos e servizos**

##### **a) Oferta de produtos e servizos do BBVA ou comercializados por el**

Con base no perfil básico descrito no apartado (i) anterior e, no caso de que prestes o teu consentimento ao perfil avanzado descrito no apartado (ii), podemos enviarche comunicacións comerciais referidas a produtos e servizos do BBVA ou comercializados polo BBVA de ámbito financeiro e asegurador.

Podemos remitirche comunicacións comerciais sobre produtos e servizos do BBVA similares aos que teñas contratados directamente co banco ou comercializados por el ou atribuírche mellores condicións e/ou prezos máis axustados nos produtos e servizos que tes contratados ou que poidas contratar no futuro.

Como produtos similares poderás recibir estas comunicacións comerciais de produto ou servizos financeiros que o banco comercialice, propios ou de entidades coas que o BBVA teña acordos, como por exemplo fondos de investimento, plans de pensións, incluídos algúns seguros distribuídos por BBVA Mediación Operador de Banca Seguros Vinculado, S.A. a través das canles do BBVA. Podes consultar estes produtos e servizos aquí: <https://www.bbva.es/gl/content/dam/public-web/bbvaes/documents/legal/tratamiento-de-datos/listado-productos-y-servicios.pdf>.

Así mesmo, se fuches cliente do BBVA, poderás seguir recibindo información comercial xeral sobre produtos e servizos do BBVA, similares aos previamente contratados.

A base de lexitimación para estes tratamentos é o interese lexítimo do BBVA (i) en promover os seus produtos e servizos e aqueles que comercializa, e (ii) en ofrecer un crédito responsable, minimizando o risco de impagamento e,

simultaneamente, adiantarnos ás túas necesidades económicas para proporcionarche un préstamo de forma máis rápida, fácil e flexible. Consideramos que este tratamento é da túa conveniencia e na súa análise ponderamos os teus dereitos e liberdades e, en particular, o respecto ao teu dereito fundamental á protección de datos persoais. En caso de che remitirmos as comunicacións comerciais por medios electrónicos (como correo electrónico, SMS ou aplicacións de mensaxaría instantánea), a base de lexitimación é a excepción ao consentimento establecido na normativa de servizos da sociedade da información.

Podes exercer o teu dereito de oposición mediante o envío dun correo electrónico a [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com) ou solicitalo en calquera das nosas oficinas. Ademais, tamén poderás modificar a oposición exercida a través do enderezo electrónico indicado anteriormente.

## **b) Ofrecerche produtos e servizos das sociedades do Grupo BBVA ou de sociedades participadas ou colaboradoras**

Con base nos perfís descritos nos apartados anteriores (i) e (ii), se prestaches o teu consentimento para o segundo, podemos contactar contigo e enviarche información sobre produtos, servizos e ofertas das sociedades do Grupo BBVA, de sociedades participadas e/ou outras sociedades coas que o BBVA mantéña acordos de colaboración, pertencentes a estes sectores de actividade: financeiro, parabancario, seguros, viaxes, automoción, telecomunicacións, subministracións, seguridade, informática, educación, inmobles, produtos de consumo, lecer e tempo libre, servizos profesionais e servizos sociais.

A base de lexitimación é o teu **consentimento** para che podermos enviar comunicacións comerciais sobre produtos e servizos do Grupo BBVA e de terceiros. Para a túa información, poderás decidir se nos dás ou non o teu consentimento aos tratamentos que explicamos neste apartado, marcando o recadro correspondente na **Información básica de protección de datos** "Quero que o BBVA se comunique comigo para ofrecermos produtos e servizos das empresas do Grupo BBVA, participadas ou colaboradoras".

Pódelas consultar en: <https://www.bbva.es/gl/content/dam/public-web/bbvaes/documents/gdpr/datos-personales/sociedades-productos-terceros.pdf>

## **6. Análises de datos**

No BBVA analizamos a información dos nosos clientes que se xera con motivo da contratación e seguimento dos produtos que tes contratados connosco, así como a túa interacción co banco, coas seguintes finalidades:

1. Perfeccionar os nosos procesos internos.
2. Mellorar e desenvolver novos produtos e servizos.
3. Realizar estatísticas, enquisas, cálculos actuariais, medias e/ou estudos de mercado que poidan ser de interese do BBVA ou de terceiros.
4. Realizar análises macro e microeconómicas, xerar indicadores económicos, así como obter información económica agregada en beneficio propio e de terceiros.
5. Mellorar os instrumentos de loita contra a fraude e prevención de lavado de diñeiro.
6. Cálculo de capacidade de pagamento para preadmisión.
7. Finalidades comerciais, de análise de solvencia, de asesoramento/advice, scoring ou modelos de propensión, segmentación de clientes, estimacións, recomendadores, modelos de pricing.
8. Seguimento de negocio e xeración de informes de soporte para a toma de decisións.

Para levar a cabo as finalidades anteriores, nalgúns ocasións, no BBVA crearemos e utilizaremos ferramentas como os modelos analíticos e estatísticos, que se crean e se nutren coa información descrita no apartado **Que datos tratamos?**

Sempre que sexa posible, o BBVA substituirá os datos de identificación e de contacto (identificados no apartado anterior sobre "categorías de datos") por un código e manterá sempre de forma independente e segura a lista de correspondencia entre cada código e o cliente ao que corresponde. Isto coñécese como datos pseudonimizados e preserva a identidade do titular dos datos.

Así mesmo, sempre que sexa posible, os datos persoais someteranse a procesos de anonimización, tokenización e agregación, dissociando a información de calquera persoa concreta. Empregamos estas medidas técnicas co obxectivo de protexer a identidade dos nosos clientes e de ofrecer garantías en caso de fendas de seguridade, de maneira que se impida a identificación.

A base de lexitimación é o **interese lexítimo** do BBVA en (i) mellorar continuamente a calidade e funcionalidade dos servizos que che ofrecemos e da nosa operativa, así como pór á túa disposición unha oferta de produtos e servizos máis ampla e mellorada; (ii) explotar grandes volumes de información anonimizada, respectando a privacidade dos seus clientes, para os

efectos de poder dispor de información económica agregada para explotala tanto interna como externamente.

Consideramos que estes tratamentos son da túa conveniencia e ao analízalo ponderamos os teus dereitos e liberdades, en particular o respecto ao teu dereito fundamental á protección de datos persoais.

Se non estás de acordo, podes oporte enviando un correo electrónico a [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com) ou solicitalo en calquera das nosas oficinas.

## **7. Comunicar os teus datos a sociedades do Grupo BBVA, sociedades participadas ou cos que manteñamos acordos de colaboración para che poderen ofrecer os seus propios produtos e servizos**

Se nos dás o teu consentimento, o BBVA comunicará os teus datos de identificación e de contacto, sociodemográficos, económicos e transaccionais e de produtos e servizos contratados ás sociedades do Grupo BBVA a sociedades participadas e/ou a outras sociedades coas que o BBVA manteña acordos de colaboración, pertencentes a estes sectores de actividade: financeiro, parabancario, seguros, viaxes, automoción, telecomunicacións, subministracións, seguridade, informática, educación, inmobles, produtos de consumo, lecer e tempo libre, servizos profesionais e servizos sociais, e que poden ser consultadas aquí <https://www.bbva.es/gl/content/dam/public-web/bbvaes/documents/gdpr/datos-personales/sociedades-grupo.pdf>, para as seguintes finalidades:

- a) Ofrecerche produtos e servizos, inclusive por medios electrónicos, personalizados en características e prezo anticipándonos ás túas necesidades e cando o solicites.
- b) Elaborar perfís persoais para ofrecerche un prezo adaptado a ti nos produtos e servizos que teñas contratados.
- c) Elaborar estatísticas e realizar análises dos citados datos con fins actuariais, promocionais e comerciais.

A base de lexitimación é o teu consentimento para podermos comunicar os teus datos persoais ás sociedades do Grupo BBVA, sociedades participadas e/ou outras sociedades coas que o BBVA manteña acordos de colaboración para che poderen enviar comunicacións comerciais sobre os seus produtos e servizos. Para a túa información, poderás decidir se nos dás ou non o teu consentimento aos tratamentos que explicamos neste apartado, marcando o recadro correspondente na **Información básica de protección de datos** "Quero que os meus datos sexan comunicados só a empresas do Grupo BBVA, sociedades participadas ou colaboradoras para que personalicen os produtos e servizos que me ofrezan".

## **B) OUTROS TIPOS DE INTERVENCIÓN**

### **Se es garante**

#### **1. Xestionar a contratación dos produtos e servizos na que participes, en particular para:**

- Xestionar a garantía que constituíches a favor do BBVA.
- Xestionar a relación que mantemos contigo.
- Enviarche notificacións non comerciais para xestionar a túa relación co BBVA.
- Controlar, analizar e xestionar situacións de risco, impagamentos, incidencias ou reclamacións.
- Xestionar o teu acceso ás distintas canles que o BBVA poña á túa disposición para que poidas acceder e xestionar os produtos e servizos en que participes.

A base de lexitimación é a **execución contractual** ou a **adopción de medidas precontractuais**.

#### **2. Cumprir con obrigas legais e normativa aplicable ao BBVA, en particular:**

- Informar e consultar a CIRBE.
- Prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo (non sendo aplicable a este tipo de intervención a previsión sobre a obriga de declarar ao Fichero de Titulares Financeiras).
- Creación de modelos de riscos.

A base de lexitimación é o cumprimento dunha **obriga legal**.

Por favor, para máis información, consulta o contido deste tratamento do apartado "A) Se es cliente" incluído na epígrafe 2. "Cumprir con obrigas legais e normativa aplicable ao BBVA".

### 3. Informar e consultar os sistemas de información crediticia

A base de lexitimación de calquera comunicación aos sistemas de información crediticia, así como a consulta para solicitudes referidas a créditos ao consumo, é o **interese lexítimo** do BBVA en cumprir cos criterios de crédito responsable. A base de lexitimación para a consulta referida a solicitudes sobre créditos inmobiliarios por razón da Lei 5/2019, de 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario, é o cumprimento dunha **obriga legal**.

Por favor, para máis información, consulta o contido deste tratamento do apartado "A) Se es cliente" incluído na epígrafe 3. "Informar e consultar os sistemas de información crediticia".

### 4. Previr a fraude, informar e consultar o Fichero Confirma.

A base de lexitimación é o **interese lexítimo**.

Por favor, para máis información, consulta o contido deste tratamento do apartado "A) Se es cliente" incluído na epígrafe 4. "Previr a fraude", que se aplicará na súa totalidade coa excepción do envío de comunicacións relativas a información xeral sobre operativa de fraudes.

## Se es representante ou autorizado

### 1. Xestionar a contratación dos produtos e servizos en que participes, en particular:

- A xestión do contrato en que interveñas na túa condición de representante ou autorizado, pola túa relación xurídica cun cliente do BBVA, no ámbito das facultades, poderes ou instrucións recibidas dese cliente para a contratación de produtos, servizos ou operacións.
- Enviarche notificacións non comerciais para xestionar a túa relación co BBVA ou do cliente que representas.
- Xestionar o teu acceso ás distintas canles que o BBVA poña á túa disposición para que poidas acceder e xestionar os produtos e servizos pola túa relación xurídica cun cliente BBVA.

A base de lexitimación é a **execución contractual** ou a **adopción de medidas precontractuais**.

En caso de seres representante dunha persoa xurídica, a base de lexitimación é o interese lexítimo do BBVA en manter as relacións comerciais e contractuais coa entidade que representas, de conformidade co que establece o artigo 19 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

### 2. Cumprir con obrigas legais e normativa aplicable ao BBVA, en particular:

- Prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo.

A base do cumprimento dunha **obriga legal**.

Por favor, para máis información, consulta o contido deste tratamento no apartado "A) Se es Cliente" incluído na epígrafe 2. "Cumprir con obrigas legais e normativa aplicable ao BBVA".

### 3. Previr a fraude, informar e consultar o Fichero Confirma.

A base da lexitimación é o **interese lexítimo**.

Por favor, para máis información, consulta o contido deste tratamento do apartado "A) Se es cliente" incluído na epígrafe 4. "Previr a fraude", que se aplicará na súa totalidade coa excepción do envío de comunicacións relativas a información xeral sobre operativa de fraudes.

## Se es beneficiario

### 1. Xestionar a contratación dos produtos e servizos en que participes, en particular:

- A xestión do contrato en que interveñas na túa condición de beneficiario pola túa relación xurídica cun cliente do

BBVA.

- Enviarche notificacións non comerciais para xestionar a túa relación co BBVA.
- Xestionar o teu acceso ás distintas canles que o BBVA poña á túa disposición para que poidas acceder e xestionar os produtos e servizos que tes contratados co BBVA.

A base de lexitimación é a **execución contractual** ou a **adopción de medidas precontractuais**.

## 2. Cumprir con obrigas legais e normativa aplicable ao BBVA, en particular:

- Prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo (non sendo aplicable a este tipo de intervención a previsión sobre a obriga de declarar ao Fichero de Titulares Financeiras).

A base do cumprimento dunha **obriga legal**.

Por favor, para máis información, consulta o contido deste tratamento no apartado "A) Se es cliente" incluído na epígrafe 2. "Cumprir con obrigas legais e normativa aplicable ao BBVA".

### Se es cónxuxe prestador do consentimento ou hipotecante non debedor:

#### 1. Xestionar a contratación dos produtos e servizos na que participes, en particular para:

- Xestionar o mantemento, cumprimento, desenvolvemento, control e execución do disposto nos contratos en que interveñas.
- Enviarche notificacións non comerciais para xestionar a túa relación co BBVA.

A base de lexitimación é a **execución contractual** ou a **adopción de medidas precontractuais**.

#### 2. Cumprir con obrigas legais e normativa aplicable ao BBVA, en particular:

- Prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo (non sendo aplicable a este tipo de intervención a previsión sobre a obriga de declarar ao Fichero de Titulares Financeiras).

A base do cumprimento dunha **obriga legal**.

Por favor, para máis información, consulta o contido deste tratamento no apartado "A) Se es cliente" incluído na epígrafe 2. "Cumprir con obrigas legais e normativa aplicable ao BBVA".

Conservaremos os teus datos persoais durante a vixencia da relación contractual ou mentres resulten necesarios para a finalidade concreta de cada tratamento. Cando proceda a súa supresión, manteremos bloqueados aqueles que sexan necesarios para:

i) o cumprimento de obrigas legais; en particular:

- a. 10 anos en aplicación da normativa de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo.
- b. Durante o período máximo de tempo que estableza a regulación a que se someten as entidades financeiras referente ao cálculo de capital e provisións (Banco Central Europeo, Autoridade Bancaria Europea e Banco de España).

ii) e durante os prazos de prescrición legal para os efectos exclusivos de reclamacións ou accións legais.

Transcorridos os devanditos prazos, destruiremos os teus datos persoais.

### Durante canto tempo conservaremos os teus datos?

Conservaremos os teus datos persoais durante a vixencia da relación contractual ou mentres resulten necesarios para a finalidade concreta de cada tratamento. Con posterioridade, manteremos bloqueados aqueles que sexan necesarios para:

#### (i) Comunicaci3ns a terceiros baseadas en interese lexítimo, lei ou xestión de relación contractual para finalidades contempladas noutros apartados da política de protección de datos persoais

Tal e como che indicamos anteriormente, o BBVA pode comunicar os seguintes datos ás seguintes entidades:



- Á Central de Información de Riscos do Banco de España (CIRBE) comunicamos as operacións de risco con base no cumprimento de obrigas legais (se es cliente ou garante).
- Ao Ficheiro de Titularidades Financeiras da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa, comunicamos datos de identificación e determinados produtos contratados para o cumprimento da normativa de prevención de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo (se es cliente, representante ou autorizado).
- A autoridades de supervisión nacionais e da Unión Europea, tales como o Banco de España, o Banco Central Europeo, a Autoridade Bancaria Europea (EBA) e a Comisión Nacional do Mercado de Valores cando esteamos obrigados a facelo en cumprimento dunha obriga legal.
- A autoridades nacionais e doutros países, dentro e fóra da Unión Europea, en cumprimento da normativa de prevención de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo; e a de prevención da fraude.
- Ás sociedades do Grupo BBVA para o cumprimento da súa normativa interna sobre prevención de crime financeiro, das súas obrigas legais de prevención do branqueo de capitais, así como o informe regulador ás autoridades supervisoras.
- Ás entidades que xestionan os sistemas de información crediticia comunicamos as débedas que cumpren os requisitos para iso con base no cumprimento da normativa (se es cliente ou garante).
- Aos ficheiros de prevención de fraude Confirma e Iberpay (se es cliente ou garante respecto do ficheiro Confirma).
- A terceiros titulares de ferramentas informáticas destinadas a identificar o risco de fraude prevalente con base en determinada información, como Emailage ou Telesign. No caso de Telesign, a comunicación comportará unha transferencia internacional de datos aos Estados Unidos, respecto da cal foron adoptadas garantías similares ás que se indican no apartado (iv) "Prestadores de servizos".
- Ao Solicitante dunha verificación de titularidade de conta, a través do servizo de Iberpay, con quen teñas asinado ou vaias asinar un contrato que implique algún pagamento pola túa parte mediante domiciliación ou cargo na túa conta, de acordo coa relación contractual que mantés tanto coa entidade Solicitante como co BBVA.
- A xuíces, tribunais, Ministerio Fiscal e/ou ás administracións públicas competentes comunicamos a información necesaria ante posibles reclamacións cando estamos obrigados a facelo en cumprimento dunha obriga legal.
- Aos provedores de bens ou servizos para cuxa adquisición o BBVA che concedese un financiamento vinculado comunicamos a posta en vigor da correspondente operación de financiamento (número de operación, cliente e importe) para que o provedor poida realizar o control e seguimento das operacións aboadas polo BBVA para a súa propia facturación interna.
- A BBVA Seguros, S.A. de Seguros y Reaseguros comunicamos a actualización dos teus datos persoais cando tamén es cliente desta sociedade.

## **(ii) Comunicacions a terceiros baseadas en consentimento recollidas na finalidade 7 da política de protección de datos persoais**

Se ti o consentes previamente, poderemos comunicar os teus datos de identificación, de contacto, sociodemográficos, económicos e transaccionais e de produtos e servizos contratados ás sociedades do Grupo BBVA, e a sociedades participadas e/ou outras sociedades coas que o BBVA manteña acordos de colaboración, incluídas no enderezo

<https://www.BBVA.es/gl/content/dam/public-web/bbvaes/documents/gdpr/datos-personales/sociedades-grupo.pdf>

## **(iii) Comunicacions a terceiros no marco de operacións**

O BBVA poderá comunicar os teus datos persoais a terceiros, potenciais adquirentes ou interesados, naqueles casos en que sexa preciso para levar a cabo (i) operacións de venda de activos, débeda ou pasivos, así como vendas de carteiras de préstamos, créditos ou outro tipo de financiamento (todas elas con ou sen garantías hipotecarias ou doutra natureza) e (ii) operacións mercantís de modificacións estruturais (incluídas fusións, segregacións ou escisións), achegas de activos ou pasivos e/ou vendas ou achegas de ramas de actividade, unidades produtivas ou de negocio, así como as vendas ou achegas de sociedades ou outras entidades (incluídas vendas de accións, participacións sociais, etc.), sempre que esa comunicación sexa necesaria para o bo fin da operación.

Nestes supostos, subscribiremos acordos con estes terceiros ou potenciais adquirentes ou interesados en que se obriguen

a (i) tratar os teus datos de maneira confidencial e exclusivamente para a finalidade anteriormente indicada e (ii) suprimir os teus datos de maneira inmediata no suposto de que a operación de que se trate non chegue a formalizarse.

A base de lexitimación para a comunicación dos teus datos é o interese lexitimo do BBVA e dos anteditos terceiros ou potenciais adquirentes ou interesados no bo fin da operación, sendo a finalidade da comunicación permitir o acceso e revisión por parte destes da información necesaria para tal efecto.

#### (iv) Prestadores de servizos

Para poder prestarche un servizo adecuado e xestionar a relación que mantemos contigo como cliente, no enderezo <https://www.bbva.es/gl/content/dam/public-web/bbvaes/documents/legal/tratamiento-de-datos/proveedores.pdf> encontrarás unha relación por categorías das empresas que tratan os teus datos por conta do BBVA, como parte da prestación de servizos que lles contratamos.

Ademais informámoste de que, para a mesma finalidade que a indicada no parágrafo anterior, determinadas sociedades que prestan servizos ao BBVA e están situadas fóra da Unión Europea poderían acceder aos teus datos persoais (transferencias internacionais de datos). Estas transferencias realízanse: (i) a países cun nivel de protección equiparable ao da Unión Europea (decisións de adecuación da Comisión Europea); (ii) mediante cláusulas contractuais tipo, así como; (iii) con base noutras garantías adecuadas previstas na lei.

En calquera caso, o BBVA subscribe con eses prestadores de servizos contratos que garantan o tratamento dos datos por parte destes de acordo coas instrucións do BBVA e con pleno cumprimento da normativa en materia de protección de datos aplicable.

Para máis información podes dirixirte ao delegado de protección de datos do BBVA accedendo á páxina web [bbva.es](http://bbva.es), apartado Datos persoais/Contacto DPO ou a través da seguinte ligazón: <https://www.bbva.es/general/tratamiento-datos.html#contacto-dpo>.

#### Cales son os teus dereitos cando nos facilitas os teus datos?

DEREITO	CONTIDO
Acceso	Poderás consultar os teus datos persoais incluídos en ficheiros do BBVA.
Rectificación	Poderás modificar os teus datos persoais cando sexan inexactos.
Supresión	Poderás solicitar a eliminación dos teus datos persoais.
Oposición	Poderás solicitar: - que non se traten os teus datos persoais, e/ou - non ser obxecto de decisións automatizadas.
Limitación do tratamento	Poderás solicitar a limitación ao tratamento dos teus datos nos seguintes casos: <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Mentres se comproba a impugnación da exactitude dos teus datos.</li> <li>■ Cando o tratamento é ilícito pero te opoñas á supresión dos teus datos.</li> <li>■ Cando o BBVA non necesite tratar os teus datos pero ti os necesites para o exercicio ou a defensa de reclamacións.</li> <li>■ Cando te opuxeses ao tratamento dos teus datos para o cumprimento dunha misión en interese público ou para a satisfacción dun interese lexitimo, mentres se verifica se os motivos lexitimos para o tratamento prevalecen sobre os teus.</li> </ul>
Portabilidade	Poderás recibir, en formato electrónico, os datos persoais que nos facilitases e aqueles que se obtiveron da túa relación contractual co BBVA, así como transmitilos a outra entidade.
A non ser obxecto de decisións baseadas unicamente en tratamentos automatizados	Nos casos en que o BBVA realiza tratamentos automatizados sen intervención humana, tes dereito a que un operador interveña para explicarche a decisión adoptada, recoller os teus comentarios sobre ese asunto e impugnar a decisión do banco.



## CANLES DE ATENCIÓN

<a href="mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com">derechosprotecciondatos@bbva.com</a>	Servizo Atención ao Cliente Grupo BBVA, apdo.: 1598 - 28080 Madrid	Oficinas BBVA
--	---	---------------

Se consideras que non tratamos os teus datos persoais de acordo coa normativa, podes contactar co delegado de protección de datos accedendo á páxina web [bbva.es](http://bbva.es), apartado Datos persoais/Contacto DPO ou a través da seguinte ligazón <https://www.BBVA.es/general/tratamiento-datos.html#contacto-dpo>.

Non obstante, poderás presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

O exercicio destes dereitos é grauíto.

Así mesmo, en calquera momento, podes retirar o consentimento prestado sen que iso afecte á licitude do tratamento e tamén configurar as túas opcións e os consentimentos prestados desde a túa banca online, a app do BBVA, así como mediante solicitude enviada ao enderezo electrónico [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com), ao Servizo Atención ao Cliente Grupo BBVA, apdo.: 1598 - 28080 Madrid ou acudindo a algunha das nosas oficinas.